

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001725	IES Lauro Olmo	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Psicoloxía	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A materia supón unha introdución á psicoloxía científica. Se inicia coa historia da disciplina e as bases do método científico experimental e un achegamento a neuropsicoloxía e a psicoloxía social como pilares da conducta/mente humana. A continuación se abre ás diferentes procesos ou facultades que constitúen a mente humana: dende os máis sinxelos (sensación, percepción, memoria) ata os máis complexos (intelixencia, aprendizaxe,...). Cunha perspectiva aberta, holista e interdisciplinar se pecha o curso cun acercamento á psicopatoloxía.

A Psicoloxía, como rama do saber, ten como obxectivos básicos o autoconocimiento e a comprensión da propia individualidade, así como das condutas e ínter relacións entre os individuos, coñecementos que axudarán ao alumnado de 2º de Bacharelato a madurar como ser humano, a entender a conduta daqueles con quen convive e a desenvolver estratexias para resolver as cuestións que poden aparecer na súa vida persoal e laboral. Aproveitando que os alumnos se atopan cara ao final da etapa adolescente, se parte xa dunha motivación inicial do alumnado cara ao coñecemento de si mesmos, do contexto no que se atopan inmersos, así como cara á comprensión das relacións humanas e as condutas dos individuos.

Neste sentido, a materia Psicoloxía oríentase cara aos intereses e curiosidades desa fase do desenvolvemento humano na que o alumnado está inmerso, onde a curiosidade polas cuestións psicolóxicas, unida ao desenvolvemento das súas capacidades cognoscitivas permitiralle unha comprensión máis profunda dos fenómenos humanos desde as súas bases humanísticas e científicas.

É importante que entendan a Psicoloxía como unha disciplina científica cun obxecto de estudo propio e unha metodoloxía específica que ten unha dobre vertente, por unha banda o estudo de problemas relacionados coa conduta e por outro a aplicación deses estudos a diferentes contextos

Os contidos desta materia contribuirán a desenvolver no alumno, non só un maior coñecemento do seu propio funcionamento psicolóxico e da súa personalidade, senón tamén sobre as relacións interpersoais, as diferenzas individuais e a influencia dos factores biolóxicos e culturais no comportamento humano.

Un dos trazos inherentes da Psicoloxía é a súa concepción como saber humanístico e como ciencia biolóxica. É necesario mostrar esa pluralidade, xerada pola multiplicidade e complexidade dos problemas humanos e que supón relacionar os seus elementos cos da Bioloxía, a Química, a Filosofía, a Socioloxía e a Economía.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Entender e valorar a especificidade da psicoloxía como saber científico e metodolóxico, diferenciando as súas facetas teórica e práctica, identificando as súas áreas de aplicación, e recoñecendo o seu carácter unitario entre a enorme variedade de intereses, teorías e escolas que a conforman desde as súas orixes, para xustificar a pertinencia do seu estudo á hora de dar conta da conduta e dos procesos mentais que nos caracterizan como individuos e como humanos.	1-2		1		11-31	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Tomar conciencia das bases fisiolóxicas que posibilitan e determinan o noso comportamento e os nosos procesos mentais, e identificar os distintos niveis desa determinación (o xenético, o celular, o anatómico ou o químico) e as estruturas e funcións deses elementos fisiolóxicos, ademais de participar de xeito dialóxico, respectuoso e argumentado, en debates sobre as implicacións éticas, sociais e políticas do grao da devandita determinación en temas como as diferenzas comportamentais entre sexos ou os avances tecnolóxicos na manipulación do xenoma, para afondar e entender con maior criterio o comportamento propio e o dos demais, e para formarse unha opinión propia, reflexiva e fundamentada sobre temas que conforman o panorama de retos que nos presenta este século.	1-2-3-5		1-2-4	1-2-3	40	1-3	2	
OBX3 - Coñecer, distinguir e apreciar a importancia para nosa adaptación ao medio e para a supervivencia dos procesos cognitivos básicos, percepción, atención e memoria, así como a súa interrelación no psiquismo humano, estudando os seus aspectos fundamentais para expresar, comprender e interpretar desde distintas fontes de información, de maneira científica, os devanditos procesos que lle permitirán comprender as bases dos procesos psíquicos superiores, e ser capaz de aplicar as consecuencias do estudo ás súas características persoais.	1-2-3	3	1-2-4	1	20	1		31-41
OBX4 - Definir os procesos cognitivos superiores, analizando que é a psicoloxía cognitiva e, dentro desta, estudando a aprendizaxe, a intelixencia e o pensamento, para comprender como estes procesos nos permiten elaborar a información e acadar unha mellor adaptación ao entorno.	1-2	1	1-2-4	1	40-50	1		
OBX5 - Comprender como a motivación, a afectividade e a personalidade, así como os diferentes trastornos e mesmo frustracións, contribúen a desenvolver, alterar e construír ao ser humano, coa finalidade de tomar conciencia, con sentido crítico, das habilidades sociais necesarias para adquirir un posicionamento propio ante a realidade e os demais.	1-5	1	2-4	1	11-12-20-31	2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender a perspectiva psicosocial do ser humano atendendo á articulación e interacción entre os procesos individuais e os procesos sociais, axudando a entender e explicar a importancia do contexto social no comportamento do ser humano, coa finalidade de aprender a pensar de maneira crítica sobre as condutas cotiás e valorando como nos vemos a nós mesmos e como afectamos e nos afectan nas relacións cos demais.	5		1-2-4	1	20-31-32	2-4	3	

Descrición:

Como obxectivo xeral a materia de Psicoloxía pretende que o alumnado comprenda aspectos esenciais da disciplina: que é, cal é o seu obxecto de coñecemento, que utilidade ten na sociedade actual, como se investiga en psicoloxía, cales son as súas ramas de investigación principais, en que consiste o traballo do psicólogo, en que aspectos pode axudarlles a Psicoloxía persoalmente (estratexias de aprendizaxe, técnicas de relaxación, autocontrol das súas emocións, relacións pais-fillos...).

Esta materia debe cumprir un dobre obxectivo: satisfacer as demandas dalgúns dos intereses dos adolescentes e proporcionar un coñecemento básico da disciplina. Isto supón que deberá ser unha materia útil para os alumnos, que combine aspectos teóricos con aspectos de carácter aplicado, sen aspirar a lograr un coñecemento exhaustivo e profundo dos contidos.

Contribución da materia para a adquisición das competencias clave

Desde o traballo por competencias pódese dicir que as distintas materias que configuran o currículo de Bacharelato están ao servizo do saber como un todo, integrando tamén o saber facer e o saber ser ou estar. A isto, contribúe de maneira significativa a materia de Psicoloxía, abordando coñecementos propios e doutras materias. Estes coñecementos acométense desde unha perspectiva aplicada e contextualizada á contorna de vida do alumnado, para conseguir unha aprendizaxe significativa que lle permita aplicar os “saberes” traballados á resolución das cuestións que poden aparecer na súa vida persoal e facéndolle en definitiva máis competente.

Competencia en comunicación lingüística

A materia contribúe ao desenvolvemento desta competencia á hora de expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións. Tamén a través da metodoloxía activa baseada no diálogo entre os alumnos e alumnas como fonte de aprendizaxe, debates, preguntas orais e exposicións por parte do alumnado dos traballos realizados. A comprensión con rigor conceptual dos textos que debe estudar, así como a expresión e defensa das ideas asimiladas e a procura de información noutras fontes, sexan libros ou artigos de revistas científicas ou nas novas tecnoloxías, esíxenlles e ao mesmo tempo capacítalles para o desenvolvemento desta competencia.

Especial importancia teñen a disposición ao diálogo crítico e construtivo e o interese pola interacción con outras persoas pola utilización da linguaxe como instrumento de comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta. Iso implica ser consciente da repercusión da lingua noutras persoas e a necesidade de comprender e utilizar a lingua de maneira positiva e socialmente responsable.

Por último, é imprescindible que o alumnado teña interese e sexa capaz de utilizar con precisión o vocabulario técnico básico da materia.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A materia contribúe ao desenvolvemento desta competencia dado que o saber científico e a investigación son esenciais en Psicoloxía, atopando neles unha riqueza metodolóxica que articula saberes de natureza tanto deductiva como experimental.

O desenvolvemento da habilidade para aplicar o razoamento matemático na resolución de problemas, o estudo dos métodos científicos e tecnolóxicos propios da materia, os elementos e procedementos fundamentais da investigación e a experimentación propia desta disciplina, son unha contribución fundamental ao desenvolvemento desta competencia nos alumnos de 2º de Bacharelato.

Neste sentido é fundamental a adquisición de hábitos básicos de investigación científica tales como a metodoloxía propia da observación e recollida de información, a análise dos datos achegados desde diferentes fontes e a extracción das conclusións pertinentes. Da mesma maneira, o alumnado ha de coñecer e poder utilizar algúns dos instrumentos utilizados en Psicoloxía tales como tests, escalas, cuestionarios, rexistros... teniendo en cuenta os instrumentos de índole estadístico que subxacen aos mesmos.

A materia de Psicoloxía permitirá aos alumnos desenvolver a habilidade para utilizar e manipular datos científicos co fin de alcanzar un obxectivo ou chegar a unha decisión ou conclusión baseada en probas.

Competencia dixital

A competencia dixital desenvólvese a través da creación e/o asentamento das estratexias e hábito de procura de información en diferentes fontes, que pode resultar esencial especialmente polo carácter innovador que conlevan as investigacións psicolóxicas actuais coa consecuente abundancia de información e de recursos audiovisuais.

Así mesmo, os traballos e prácticas que desenvolverá o alumnado ao longo do curso, requiren da posta en práctica desta competencia, tanto no relativo á procura de información relevante como á exposición da información organizada de forma coherente.

Finalmente orientarase ao alumnado no uso das novas tecnoloxías, para un uso eficiente das mesmas e cunha actitude crítica #ante a información, en particular #ante determinadas fontes pouco fiables.

Competencia de aprender a aprender

Esta materia axuda a entender o sentido da aprendizaxe, da competencia de aprender a aprender, ao incluírse a aprendizaxe como obxecto de estudo o que facilita ao alumno a comprensión e o control dos mecanismos psíquicos implicados nos procesos cognitivos da aprendizaxe e, desta maneira, poder interactuar con eles corrixindo e obtendo un maior rendemento e aproveitamento dos seus recursos cognitivos.

Tamén a proposta metodolóxica da materia, sempre que expón o uso de variadas ferramentas e diversidade de recursos (como o uso de estratexias de análises, relación e síntese de información, a participación en diferentes actividades grupais que impliquen intercambios de puntos de vista e argumentación) contribúe ao desenvolvemento desta competencia expondo unha proposta de traballo na aula que incide en estilos de aprendizaxe e intelixencias diferentes.

Neste sentido, a materia contribúe a tomar conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal; inclúe tanto o pensamento estratéxico, como a capacidade de cooperar, de autoevaluarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual

Competencia sociais e cívicas

No desenvolvemento das clases poñeranse en práctica habilidades propias desta materia, tales como a resolución de conflitos, o uso do diálogo... entre outros e fomentaranse actitudes de cooperación, tolerancia e respecto ás diferenzas individuais e ás opinións contrarias á propia.

Permite expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio, e tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo.

Ademais, fomentaranse que o alumnado sexa capaz de poñerse no lugar do outro, e identifique situacións cotiás de desigualdade, desenvolvendo actitudes positivas cara á integración de todas as persoas, e valores como a solidariedade e a tolerancia.

Igualmente favorece a adquisición das habilidades persoais e sociais necesarias para a vida en comunidade e valores como a concordia, a cooperación, chegar a pactos e o respecto.

O estudo desta materia precisa unha actitude de xuízo e curiosidade críticos, un interese polas cuestións éticas e o respecto pola seguridade e a sustentabilidade, en particular polo que se refire ao progreso científico en relación cun mesmo, coa familia, coa comunidade e cos problemas globais. E debe ter especial mención o cuestionamento da ética de determinadas aplicacións psicolóxicas que perseguen a manipulación das persoas.

Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación para intervir ou resolver e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Pero todo iso é posibilitado, precisamente, polo coñecemento e comprensión dos seus propios procesos psíquicos, o seu funcionamento, as súas dificultades e os seus mecanismos de superación. A Psicoloxía axudarlle a alcanzar un coñecemento profundo de si mesmo, das súas potencialidades e dos seus recursos para poder emprender con éxito tarefas persoais e sociais.

O alumno debe ser consciente do contexto no que se desenvolve o seu traballo para chegar a ser capaz de aproveitar as oportunidades e chegar a ser un adulto que contribúa á sociedade tomando conciencia das súas fortalezas e debilidades.

Competencia de conciencia e expresións culturais

Os condicionamentos sociais e culturais son esenciais na configuración do psiquismo. Entre eles atópase o ambiente cultural que é obxecto de estudo sistemático por parte da psicoloxía coa metodoloxía das ciencias modernas. Deste xeito, a materia contribúe significativamente ao desenvolvemento destas competencias facilitando unha comprensión e sintonía con diferentes modos culturais que explican aspectos esenciais do comportamento humano. Coñecer, respectar e valorar outros modos de pensar, sentir e actuar determinados por un ambiente cultural concreto é condición necesaria para o estudo da Psicoloxía na amplitude que lle confire os distintos tipos de poboación.

Para comprender a conduta do individuo é necesario comprender e analizar os códigos de conduta e os usos

xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas. A mesma importancia ten coñecer os conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, a igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres, a sociedade e a cultura. Así mesmo, é esencial comprender as dimensións multiculturais e socioeconómicas das sociedades europeas e percibir como a identidade cultural galega interactúa coa identidade cultural nacional e europea.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A psicoloxía como ciencia	Historia do saber sobre o psiquismo ata a psicoloxía científica	10	18	X		
2	Fundamentos biolóxicos da psicoloxía	Introdución aos elementos biolóxicos da conducta humana: a neuro bio psicoloxía	15	12	X		
3	Fundamentos sociais da conduta humana	Introdución aos fundamentos sociais da conducta humana: a psicoloxía social.	15	12	X		
4	Procesos cognitivos básicos	Estudo da sensación, percepción, memoria e atención	15	25		X	
5	Procesos cognitivos superiores I	Estudo da intelixencia, afectividade e persoalidade	15	12		X	X
6	Procesos cognitivos superiores II	Estudo da motivación, persoalidade e afectividade	15	12			X
7	Psicopatoloxía	Introdución á etioloxía da conducta humana: ninguén é "normal".	15	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A psicoloxía como ciencia	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.	Elaborar unha presentación ou traballo escrito sobre a evolución histórica da psicoloxía.	PE	100
CA1.2 - Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, entre outras.	Identificar de xeito oral ou escrito a dimensión teórica e aplicada da psicoloxía		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.	Facer unha síntese das principais achegas da psicoloxía partindo de textos de contido psicolóxico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O saber psicolóxico. - Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes. - Facetas teórica e práctica da psicoloxía, e áreas de aplicación. - Obxectivos que caracterizan a psicoloxía. - O desenvolvemento histórico da psicoloxía. - A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX. - A constitución da psicoloxía como ciencia desde finais do século XIX a principios do século XX. - As distintas teorías psicolóxicas. - Os métodos de investigación en psicoloxía. - O método científico. - A descrición: observación naturalista, estudo de casos, enquisas. - A investigación correlacional. Correlación e causalidade. - O método experimental: variables, grupos e mostras.

UD	Título da UD	Duración
2	Fundamentos biolóxicos da psicoloxía	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as células neuronais, a súa estrutura e as funcións das súas partes, mediante esquemas e imaxes, apreciando o papel básico que o impulso neuroeléctrico desempeña como unidade fundamental da que está composto todo proceso psicolóxico, e estimando o papel que xogan no mantemento do sistema neural as células gliais.	Elabora unha exposición interactiva sobre o funcionamento do sistema neural	PE	100
CA2.2 - Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, recopilando información de fontes fiables, sintetizándoa de xeito rigoroso, e producindo, de xeito colaborativo e co uso de ferramentas TIC, distintos esquemas e traballos de investigación nos que se distingan as localizacións e as funcións das estruturas que o compoñen e determinan a conduta dos individuos.	Elabora unha exposición interactiva sobre o funcionamento do sistema nervioso central		
CA2.3 - Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais.	Distingue e recoñece as diferentes técnicas de investigación cerebral		
CA2.4 - Distinguir a importancia do sistema nervioso periférico como interfaz necesaria na comunicación entre o encéfalo e o resto do organismo, resaltando o papel central do sistema nervioso autónomo na regulación automática e inconsciente das actividades vitais do organismo e dos cambios fisiolóxicos que acompañan aos distintos estados emocionais.	Especifica por escrito como regula as actividades vitais do organismo o sistema nervioso central		
CA2.5 - Investigar e resumir a influencia dos distintos neurotransmisores sobre o cerebro, xunto coa relación que gardan os distintos órganos encefálicos co sistema endócrino, comparando así os modos distintivos que teñen as hormonas e os neurotransmisores de preparar ao corpo para todo tipo de reaccións comportamentais.	Exposición interactiva na que se explicita a función dos neurotransmisores e do sistema endócrino.		
CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) imponen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de sustancias psicoactivas, ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano	É capaz de responder oralmente á cuestión: natureza ou cultura, que nos fai ser o que somos?		
CA6.1 - Identificar, describir e explicar os procesos psicosociais que teñen lugar tanto no plano intrapsíquico como no interpersonal e no colectivo que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais, das nosas actitudes, das atribucións que facemos sobre os demais, para comprender mellor a nosa identidade e a dos demais.	Describe de xeito oral como inflúen os procesos psicosociais na nosa autoimaxe e na dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Determinar no eido interpersonal os factores psicossociais que inciden na conformidade e a obediencia á autoridade e dentro dos grupos, a atracción interpersonal, as condutas prosociais e antisociais dos individuos e dos grupos humanos, levando a cabo esta determinación dun xeito colaborativo dentro da aula.	Expón de xeito escrito a diferenza entre condutas prosociais e antisociais e pon exemplos		
CA6.3 - Coñecer os principios psicossociais do funcionamento dos grupos, analizando os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión, e a polarización grupal para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá.	Define de xeito escrito os estereotipos de xénero, conflitos e polarización		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A neurona. - A estrutura da neurona. - O impulso neuroeléctrico e a sinapse. - As células gliais. - O sistema nervioso. - Estrutura do sistema nervioso central e función das distintas partes. - As novas técnicas de imaxe e os avances no coñecemento do encéfalo. - O sistema nervioso periférico. - A química da mente. - Os distintos neurotransmisores. - O sistema endócrino: glándulas, hormonas e conduta. - Xenética e conduta. - O xenoma humano. - O estudo da influencia da xenética na conduta. - Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais. - Implicacións sociais dos avances tecnolóxicos en xenética. - Bases fisiolóxicas das diferenzas condutuais entre sexos. - As diferenzas psicolóxicas transculturais. - O papel das hormonas. - O debate sobre as diferenzas na estrutura encefálica.

Contidos

- As teses da psicoloxía evolucionista.
- As críticas ao enfoque bioloxicista das diferenzas de xénero.
- A cognición social.
- O eu social: autoconcepto e identidade.
- Percepción e atribución social.
- Influencia social.
- Conformidade e obediencia. Influencia do líder.
- Impacto emocional das redes sociais.
- Actitudes e cambio de actitudes.
- Procesos de persuasión.
- Comportamento interpersoal.
- A atracción interpersoal.
- Comportamentos prosociais e antisociais.
- Relacións intergrupais.
- Estereotipos e prexuizos. Estereotipos de xénero.
- Conflito, cohesión e cooperación.
- Psicoloxía dos grupos: a polarización grupal.

UD	Título da UD	Duración
3	Fundamentos sociais da conduta humana	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.	Define e expón que é a personalidade de xeito completo	PE	100
CA6.1 - Identificar, describir e explicar os procesos psicosociais que teñen lugar tanto no plano intrapsíquico como no interpersoal e no colectivo que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais, das nosas actitudes, das atribucións que facemos sobre os demais, para comprender mellor a nosa identidade e a dos demais.	Describe de xeito oral como inflúen os procesos psicosociais na nosa autoimaxe e na dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Coñecer os principios psicosociais do funcionamento dos grupos, analizando os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión, e a polarización grupal para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá.	Define de xeito escrito os estereotipos de xénero, conflitos e polarización		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A personalidade. - Teorías sobre a personalidade. - Fases da personalidade. - Métodos de avaliación da personalidade. - A cognición social. - O eu social: autoconceito e identidade. - Percepción e atribución social. - Actitudes e cambio de actitudes.

UD	Título da UD	Duración
4	Procesos cognitivos básicos	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender, distinguir e relacionar a sensación e a percepción como procesos cognitivos básicos da información, e analizar en profundidade a percepción identificando a súa importancia para dar significado ao mundo exterior e interior do ser humano.	Define e relaciona os conceptos de sensación e percepción	PE	100
CA3.2 - Apreciar na percepción a capacidade para xerar nas alumnas e nos alumnos un sentido estético de achegamento á realidade, e impulsar a súa creatividade artística.	Explica de xeito escrito a influencia da percepción na creatividade á hora de comprender a realidade		
CA3 3 - Distinguir e relacionar a atención e a percepción, así como coñecer e identificar os distintos tipos de atención e os trastornos asociados á mesma, analizando os seus trazos fundamentais para poder aplicar o coñecido á nosa estrutura psíquica persoal.	Define e relaciona os conceptos de atención, percepción e nomea os trastornos asociados a esta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciar os principios básicos da mesma, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías, e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas.	Analiza de xeito oral o funcionamento da memoria indicando os diferentes tipos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sensación e percepción. Definición e relación. - Organización da percepción e constancias perceptivas. - A percepción de obxectos, do movemento e da profundidade. A Gestalt. - A percepción extrasensorial. As ilusións perceptivas. A percepción subliminar. - Percepción e atención. - Tipos de atención. - Trastornos da atención. - A memoria. Memoria e atención. - Rexistros sensoriais: visual, auditivo e táctil. - Breve aproximación ás teorías sobre a memoria. - A memoria como proceso psicolóxico: codificación, almacenamento e recuperación. - Tipos de memoria. - Memoria a curto prazo ,memoria operativa e memoria a longo prazo. - Memoria episódica, semántica e procedemental. - O esquecemento: factores que interveñen. - Métodos para mellorar o recordo.

UD	Título da UD	Duración
5	Procesos cognitivos superiores I	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Definir que son os procesos cognitivos superiores, incidindo na súa relación coas habilidades cognitivas.	Cita e exemplifica os procesos cognitivos superiores	PE	100
CA4.2 - Explicar en que consiste a aprendizaxe, estudando os principais factores que inflúen nela e as teorías máis importantes.	Fai unha disertación acerca da natureza da aprendizaxe e como levala a cabo.		
CA4.3 - Expoñer que é a intelixencia, explicando os modelos de intelixencia máis relevantes.	Realiza unha exposición interactiva sobre a intelixencia e os diferentes modelos		
CA4.4 - Analizar o pensamento desde un punto de vista psicolóxico, explicando os seus tipos.	Realiza unha exposición sobre o pensamento e os seus tipos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Definición de procesos cognitivos superiores. - As habilidades cognitivas. - A aprendizaxe. Factores que inflúen na aprendizaxe e teorías da aprendizaxe. - O condutismo e o condicionamento na publicidade, o cognitivismo, e o construtivismo. - Tipos de aprendizaxe. - A intelixencia. - Modelos de intelixencia. - Fases do desenvolvemento da intelixencia. - A medición da intelixencia e o coeficiente intelectual. - O Pensamento. Características e tipos de pensamento segundo a psicoloxía.

UD	Título da UD	Duración
6	Procesos cognitivos superiores II	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican, e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.	Investiga os estudos sobre a orixe motivación e a súa relación coa frustración.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.	Elabora unha exposición oral sobre a personalidade e as súas influencias xenéticas e culturais		
CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.	Define o que é un trastorno mental e as súas implicacións		
CA5.4 - Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o interese do alumnado polo desenvolvemento persoal desta capacidade.	Expón os diferentes tipos de afectos e a súa relación cos trastornos emocionais		
CA5.5 - Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais.	Investiga exemplos e exponos oralmente como inflúen as relacións afectivas na maduración persoal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A motivación. - Teorías sobre a motivación. - Motivación e logros no ámbito educativo e profesional. - A frustración e as súas causas. - A personalidade. - Teorías sobre a personalidade. - Fases da personalidade. - Métodos de avaliación da personalidade. - Consciencia e inconsciencia. - Identidade e autoestima. - Alteracións da conciencia e da personalidade. - Psicopatoloxía e trastornos da personalidade. - A afectividade. - Teorías sobre a afectividade. - As emocións e os trastornos. - Afectividade e sexualidade.

UD	Título da UD	Duración
7	Psicopatoloxía	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) imponen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de sustancias psicoactivas, ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano	Expón oralmente e debate sobre a influencia da xenética ou a cultura nas conduta humana.	TI	100
CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciar os principios básicos da mesma, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías, e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas.	Analiza de xeito oral o funcionamento da memoria indicando os diferentes tipos		
CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.	Elabora unha exposición oral sobre a personalidade e as súas influencias xenéticas e culturais		
CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.	Define o que é un trastorno mental e as súas implicacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xenética e conduta. - Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais. - Percepción e atención. - Trastornos da atención. - A personalidade. - Métodos de avaliación da personalidade. - Alteracións da conciencia e da personalidade.

Contidos

- Psicopatoloxía e trastornos da personalidade.
- A afectividade.
- As emocións e os trastornos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta materia, polo seu carácter integrador no que se mesturan aspectos científicos con outros humanísticos e sociais, plantéxase como o camiño máis axeitado para estudar o ser humano e as súas manifestacións de xeito holístico. Non debe considerarse o estudo da Psicoloxía no Bacharelato como un simple achegamento a posturas teóricas máis ou menos interesantes sobre a psique humana (e non humana) senon tamén como un medio polo cal o alumnado acceda ao seu propio coñecemento persoal, e a partir de aí, ao propio desenvolvemento das súas capacidades e aptitudes.

Por todo isto, o traballo na aula estará dirixido a conseguir que o alumnado desenvolva a súa capacidade de aprender a aprender, isto é, seleccionar contidos, analízalos, relacionalos e integralos criticamente. Trátase de que o alumnado poida construír individual ou colectivamente o seu coñecemento máis alá da simple memorización automática de contidos. Aínda que saber é tamén reter na memoria esta retención debe ser comprensiva, adquirida de xeito significativo mediante a interacción cos demais e en profundidade.

Por outra banda, o manexo da información teórica non é suficiente para a consecución dos obxectivos da materia, faise preciso o coñecemento e utilización dalgunha técnica propia da Psicoloxía como ciencia, para que o alumnado poida facer prácticas e realizar experiencias que lle axuden a afianzar o aprendido.

O alumnado debe ser capaz de empregar diferentes fontes de información, dende a propia experiencia, pasando polos coñecementos que lle aportan outras disciplinas, así como os medios de comunicación, webs, libros, manuais, textos e documentos, polo que a metodoloxía activa e participativa faise imprescindible para conseguir este obxectivo.

O profesorado facilitará que o alumnado acceda a resolver problemas científicos, aprendendo a identificar as súas variables principais e a súa solución coherentes cos mesmos.

Ao inicio de cada unidade didáctica exponerse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

As actividades estarán sempre deseñadas e axustadas ás características do alumnado.

No caso de ter que realizar educación non presencial, empregárase a aula virtual àa foros, videoconferencias, entrega de tarefas e mensaxería.

No estudo desta materia impóñense uns principios xerais que haberán de terse en conta:

- Favorecer a adquisición de aprendizaxes de forma comprensiva, que teñan en conta os coñecementos previos do alumnado e que teñan relación coas súas propias experiencias.
- Propiciar o desenvolvemento da autonomía persoal e da motivación de logro nas diferentes situacións de aprendizaxe.
- Favorecer o desenvolvemento das capacidades xerais, das competencias clave e dos contidos máis funcionais.
- Planificar actividades variadas con distintos graos de dificultade que permitan diferentes modalidades de acceso aos contidos propostos.
- Utilizar distintas formas de agrupamento para favorecer, dunha parte, a participación e a cooperación entre o alumnado, e doutra parte, o seguimento individualizado do seu proceso de aprendizaxe.
- Organizar o espazo e o tempo de maneira flexible para propiciar a adecuada consecución dos obxectivos previstos.
- Utilizar materiais didácticos diversos e adecuados ao grao de dificultade exposto nas distintas actividades.
- Reforzar os aspectos prácticos do currículo para favorecer a participación activa do alumnado na observación dos procesos psicolóxicos básicos e na mellora dos mesmos.

Unha vez establecidos os principios xerais, o traballo da materia poderá incluír entre outras tarefas:

- A elaboración de traballos monográficos que permitan poñer en xogo habilidades de procura e análise de información, estruturación de contidos, sínteses de información relevante e presentación do traballo. Será necesario que realicen unha análise e valoración crítica de diferentes fontes de información (textos, vídeos, material multimedia, material da internet) e a elaboración de gráficas estatísticas, cando sexa pertinente.
- A exposición do traballo, co fin de poder valorar a importancia do "saber comunicar" e "falar en público", tendo en conta que dita exposición permitiralles poñer en práctica o manexo de materiais e medios que favorezan a

comprensión da información transmitida (esquemas, resumos, apoio gráfico, confección de powerpoints etc...).

- A formulación de cuestións e dilemas que susciten a reflexión e o debate e a discusión de casos en grupo, o que posibilita a aprendizaxe dialóxico e poder analizar a información desde distintos puntos de vista, co propósito de que sexan tolerantes coas opinións dos demais.

- A realización de traballos en grupo, coa existencia dunha adecuada distribución de tarefas entre os compoñentes do mesmo co obxectivo de garantir o éxito do traballo cooperativo.

- A participación dos alumnos na avaliación dos traballos, co fin de que poidan experimentar as dificultades que entraña conseguir unha valoración obxectiva sobre o seu propio traballo e contrastar a súa valoración coas que realizan os seus compañeiros e o profesor.

- Non se debe esquecer que o estudo da Psicoloxía inclúe necesariamente unha dimensión práctica, psicoloxía aplicada, que na aula pode traducirse no traballo a partir de exemplos ou situacións reais ou ficticias que requiran unha interpretación psicolóxica, que inclúa unha análise e/o diagnóstico e unha proposta de orientación. Para iso pode ser útil a utilización de exemplos da vida cotiá dos alumnos, da súa contorna máis próxima, da súa localidade (situacións reais que poidan aparecer nos medios de comunicación) ou situacións ficticias expostas en series ou películas que eles consuman habitualmente para ser analizados na aula.

Desenvolveranse as actividades de ensino e aprendizaxe a través de materiais escritos e multimedia que sirvan de base para o coñecemento e comprensión dos contidos de aprendizaxe.

Propoñerase aos alumnos a realización de actividades que contribúan á comprensión e aprendizaxe dos contidos: lecturas de textos; realización de resumos; elaboración de esquemas e mapas conceptuais; etc. Os traballos propostos poderán ser realizados tanto individualmente como en grupo.

É necesario partir da experiencia vital do alumno, o que contribuirá a facer que a materia sexa máis próxima e motivadora. Para iso, ao principio de cada tema o docente pode expor unha serie de cuestións previas que inciten ao alumno para querer saber máis e a indagar e profundar no coñecemento do tema. Tamén a utilización na aula dalgunhas probas e técnicas utilizadas en Psicoloxía (tests, cuestionarios, entrevistas, role playing,...) pode resultar especialmente interesante e motivadora.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual
Biblioteca
Apuntamentos dixitais ou en papel
Videos e titoriais de apoio para a realización de traballos e tarefas
Bibliografía e webgrafía
Libro de texto, se procede.

Contarase cun espazo dixital de traballo que permite organizar a información recompilada, así como as diferentes tarefas e exposicións interactivas do alumnado. Ao mesmo tempo permite ter enlaces directos das unidades didácticas e acceder ao repositorio de apuntamentos, enlaces e recursos dixitais de axuda para o desenvolvemento da materia, por iso o acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos.

Terase en conta para o desenvolvemento da materia as actividades, plans, proxectos e programas nos que o centro participa, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

Libro de texto: Psicología. José Ignacio Alonso García- ED- McGrawHill

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularase como proba oral ou escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado.

A proba axudaranos a determinar o grao de coñecemento dos contidos iniciais da materia: que é a psicoloxía? así como tamén para valorar a expresión oral do alumnado á hora de intervir na aula e facer exposicións orais, relevantes para os traballos que require a materia.

Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	0	85
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	100	15

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación parcial terá como resultado a media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación seguintes:

- Ata dous exames cada avaliación. Sendo a nota da avaliación a media exacta. 80% da nota da avaliación.
- Exercicios, traballos, etc. serán o 20% da nota restante.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, non haberá redondeo. Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta será sen redondeo.

Baixarase ata un punto por faltas de ortografía.

Calquera tipo de copia, sexa en traballos, exames ou exercicios, suporá ter unha nota de 0.

Os traballos individuais da derradeira avaliación serán calificados mediante rúbricas, dadas aos alumnos a principio de curso, e mediará igual que si fora un examen máis, cos mesmo criterios anteriormente ditos.

Criterios de recuperación:

O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos non superados ou unha proba, a determinar polo profesorado do departamento no caso de ter que ter en conta algunha cuestión concreta para favorecer a adaptación ao alumnado.

Cando un alumno/a calquera das avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Se houbera unha avaliación suspensa deberá recuperarse para poder mediar coas outras avaliacións. Se non se recuperara, quedara suspensa toda a asignatura, aínda que poderá mediarase se na RECUPERACIÓN se sacara máis de 4pp.

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter superada algunha das avaliación ou todas suspensas. O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo xa detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da psicoloxía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorezo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicarase as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- 6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidades específicas de apoio que requiriran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que as barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que

propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A comprensión dun mesmo e dos outros, propias das ferramentas que a materia de psicoloxía contrúe, serán clave na contribución na consecución dos elementos transversais do curriculum.

O traballo principalmente por proxectos e en grupos, favorecera a educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...).

O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet sern outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla dun profesional da psicoloxía	O obxectivo será presentar as saídas profesional da disciplina	X	X	X

Observacións:

A charla ou visita dun profesional da psicoloxía dependera da súa dispoñibilidade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado
Metodoloxía empregada
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Medidas de atención á diversidade
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados